



# A FOLLA DA CGT

Núm. 28 - 3 xullo 2020

## Novos ingresos: segue a farsa

Prazas de TS júnior:  
A empresa anunciou dun venres para un luns que habería cinco dinámicas de grupo en paralelo, o cal imposibilitou que

a vogal da parte social participase en todas elas. CCOO, MAS e UGT aceptárono.

Con que criterios fixo a **empresa** a selección? Desde logo, a profesionalidade **non**.

O propio xefe da Sala Técnica **queixouse** de que os candidatos que lle enviaba RRHH para a entrevista non tiñan o perfil **profesional** axeitado.

No canto de partir dos postos de traballo vacantes e buscar para eles os **perfis profesionais** axeitados, semella que se seleccionaron **perfis persoais** e agora se trata de buscar onde encaixan. Algún candidato xa vai pola **terceira** entrevista *en busca do departamento perdido*.

Á empresa nótaselle moito que quere seguir tendo capacidade para **enchufar** na contratación de TS. O cal non quere dicir que nin os pasados nin os futuros TS sexan todos enchufados.

E as bases **non se respectaron** no tocante ás titulacións. CCOO, MAS e UGT aceptárono argumentando que cando o anterior comité asinou a convocatoria das prazas acordouse *de palabra* ser "flexibles".

Todo este proceso é unha **farsa**, e o segui-

rá sendo mentres a maioría sindical avale procesos de selección **opacos**. Eles sabrán por que o fan.

Os **TS** teñen que ir a un exame **obxectivo**. Non hai que inventar nada. Aí están as **oposicións** da Administración.

Prazas de operarios-empregados júnior:  
Rematado o prazo de subsanación de erros, queda publicar a lista definitiva de admitidos e facer os exames.

A empresa plantexou como referencia a semana do 13. Tamén a posibilidade de que as probas de *Bacharelato* e de *Asistencia á dirección* queden para setembro.



A **CGT** cre que tódalas especialidades teñen que ser xuntas. Se non poden ser o mesmo día pola COVID-19, que sexan en máis de un.

## E a información anunciada?

Un comunicado da comisión central de **Productividade** do 19 de xuño anunciaba un acordo sobre o **teletraballo** e que "se distribuirá copia, unha vez ratificado".

A ratificación foi o 25, hai máis de unha semana, pero o acordo aínda non foi distribuído polo comité ó conxunto dos traballadores.

Circula por aí o documento do 19, pero hai que ter en conta que o día 25 modificouse o

punto 2 do texto acordado o 19. Sería desexable que, xa que aínda non o fixo, o comité aproveite e distribúa un arquivo que conteña o texto definitivo íntegro.

Pero moito máis desexable sería que o comité distribuíse o preacordo **antes** de ratificalo, a fin de que os **traballadores/as** poidamos coñecelo, opinar e **decidir** sobre o mesmo. **O comité propón e a asemblea dispón**. Así debe ser a cousa.

## Recuperar a actividade sindical



O comité segue desaparecido. Nin sequera está a aproveitar a campaña electoral para poñer de manifesto o **grave** problema de falla de **carga de traballo** que temos.

Tamén hai moito que facer en relación coa COVID-19. Diga o que diga, Navantia quere a todo o mundo **dentro**. Pero como legalmente non pode obrigar, o que fai é chamar de forma individual. Quen reclama, volve para a casa (teletraballando ou non); quen non, queda dentro. É increíble que o comité consinta esta **individualización** das relacións laborais.

Resultado:

- Hai TES traballando presencialmente e outros non. Como algúns non tiñan choio no seu taller, desprazáronos a outros... nos que os seus TES están na casa.
- Hai traballadores que cumpren os requisitos de conciliación traballando presencialmente.
- Hai traballadores que poderían teletraballar que están na factoría.

A pandemia non está superada. Fomentando o retorno de todo o mundo, a dirección actúa dun xeito absolutamente **irresponsable**, pois a masificación favorece a posibilidade dun **rebrote**.

A **CGT** propuxo no comité convocar unha rolda de **assembleas parciais** para falar de todos estes temas e culminala cunha **assemblea xeral** para tomar decisións.

Non houbo resposta. A **CGT** actúa en consecuencia e a semana que vén convocaremos assembleas parciais.

## Horas sindicais de xuño

Publicamos o cadro dos pases e horas sindicais utilizadas polos delegados da **CGT**.

Dende este mes, a **CGT** publicará o **detalle das actividades** de cada delegado indicando en que se gastan as **horas sindicais** e o listado completo de pases, tanto sindicais como persoais, de cada un.

É o **compromiso** que adquirimos cos traballadores nas pasadas eleccións sindicais. Pero sobre todo, entendemos que o traballo sindical non se pode "profesionalizar", nin as horas sindicais servir como un pretexto para desconectarse dos nosos postos de traballo.

Busca no **Teams** o canal "*Horas Sindicais*" do grupo "*CGT en Navantia Ferrol (Difusión)*" ou pasa polo noso local no comité.



**Contacta connosco:**

Interior: 1213  
Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:  
cgt.fe@navantia.es



**CGTNavantiaFE**

Delegado	Horas	Pases	Horas	TOTAL
Vicente	34,25	Día 22. Concentración Nissan. (11:45-12:45)	1,00	<b>35,25</b>
Xaquín	23,00	Día 22. Concentración Nissan. (11:45-12:45)	1,00	<b>24,00</b>
Arturo		(En teletraballo)		<b>0,00</b>
Javi	40,75	Día 4. Traballo sindical. (08:30-14:30) Día 22. Concentración Nissan. (11:45-12:45)	7,00	<b>47,75</b>
Benito	6,50	Día 22. Concentración Nissan. (11:45-12:45)	1,00	<b>7,50</b>
Carmen	14,75			<b>14,75</b>
<b>TOTAL</b>	<b>119,25</b>		<b>10,00</b>	<b>129,25</b>